

A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE “PATRIMONIO NATURAL” COMEZA EN SANTIAGO A SÚA ANDAINA POR TODA ESPAÑA

Cunha actuación de Ugia Pedreira, acompañada pola danza de Marina Oural e Marcelo González, botou a andar hoxe, no claustro do Museo do Pobo Galego de Santiago, a exposición fotográfica itinerante PATRIMONIO NATURAL, unha mostra promovida polo Grupo de Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España. Cen fotografías cos tesouros naturais das trece Cidades Patrimonio que percorrá toda a xeografía española ata abril de 2012.

O acto estivo presidido pola concelleira de Medio Ambiente en funcións do Concello de Santiago, Elvira Cienfuegos, mailo novo presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, Xusto Beramendi, e nel tamén participou o editor Henrique Alvarellos, director da empresa que realizou a mostra.

As fotografías permanecerán expostas ata o 26 de xuño, data na que viaxarán a Eivissa.



Arriba, público presente na inauguración. Abaixo, Elvira Cienfuegos se dirixe aos asistentes, acompañada de Henrique Alvarellos e Xusto Beramendi.





Tres momentos da actuación de Ugia Pedreira, Marina Oural e Marcelo González.



Área de Comunicación
Alvarellos Editora